

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	PSICOMOTRICIDADE	Pág.	
Curso / Ciclo	4º ED. INFANTIL		
Profesor/a	PILAR GÓMEZ PROL		

OBXECTIVOS

- Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo
- Acepta-la propia identidade, as súas posibilidades e limitacións
- Explora-las posibilidades expresivas dos diferentes segmentos corporais
- Adquirir coordinación dinámica xeral en execución de tarefas da vida cotiá
- Desenrola-la orientación en espazos cotiás
- Participar en danzas
- Emprega-lo xogo como medio de expresión de sensacións e emocións
- Desenrolar a capacidade creativa
- Progresar no respecto cara ás normas, aos compañeiros e os adultos
- Coidar e recoller o material
- Participar das actividades en grupo
- Disfrutar coas actividades propostas

CONTIDOS

- Coñecemento e control das distintas partes do corpo
- Posibilidades expresivas do corpo
- Coordinación dinámica xeral
- Percepción espacial (dentro-fóra, enriba-debaixo, diante-detrás...)
- Desenvolvemento do sentido da orientación
- Gusto por participar en danzas
- A creatividade
- Utilización do xogo como medio de expresión
- Respetto cara as normas, os compañeiros/as e os adultos
- Recollida do material
- Interese por participar en actividades grupais
- Disfrute coas actividades propostas

METODOLOXÍA

Á hora de programar as actividades procuraremos:

- Partir dos intereses e necesidades dos nenos/as para conseguir unha actitude favorable cara ás novas aprendizaxes e que estas poidan ser significativas
- Propoñer actuacións dirixidas ás peculiaridades persoais e aos diferentes momentos evolutivos e ritmos de aprendizaxe
- Fomentar a comunicación e a interrelación entre os membros do grupo para desenvolver actitudes de axuda, colaboración e empatía
- Desenvolve-las actividades nun clima afectivo e de confianza

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

- Levar a cabo actividades globalizadas que provoquen a entrada en funcionamento tódalas capacidades
- Manter unha estreita comunicación coas familias para evitar situacións que poidan producir inseguridade nos nenos e nenas

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Empregarase como instrumento de avaliación a observación continua do traballo dos alumnos/as así como de seu comportamento cos seus compañeiros/as e coas mestras